

A crise do século XVII.

O século XVII aparece asociado en todo o continente europeo, e mesmo noutras áreas xeográficas, á idea dunha fonda crise. Alteracións climatolóxicas, malas colleitas, fames, epidemias, guerras e revoltas repetíronse con demasiada frecuencia.

Na monarquía hispana, a crise acadou unha especial gravidade. Os seus primeiros síntomas eran xa visibles a finais do século XVI. Os seus efectos prolongáronse durante boa parte da centuria aínda que nin a súa duración nin a súa profundidade foron uniformes: en termos xerais, resultou moito máis intensa e prolongada nas áreas do interior, as máis poboadas e urbanizadas no século XVI, ca nas rexións periféricas.

As pretensións hexemónicas dos Habsburgo españois esixiron un enorme esforzo humano e económico que agravou os efectos dos problemas económicos e desencadearon unha graves crise política interna que estivo a piques de provocar o colapso da monarquía nos anos 1640.


As dificultades socioeconómicas.

A crise demográfica.

Estímase que a poboación española pasou de máis 8 millóns de habitantes contra 1600 a 7-7'5 millóns en 1700. En tódolos territorios peninsulares descendeu nalgún momento ao longo do século XVII, sobre todo na súa primeira metade. Porén, o balanço final presentou grandes contrastes rexionais. As terras do interior (Castela, León, A Mancha, Extremadura) sufriron graves perdas e o saldo demográfico da centuria foi claramente negativo. Pola contra, Andalucía e, sobre todo, as rexións setentrional (Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco) e mediterránea (Cataluña, Valencia, Murcia) remataron o século XVII cun balanço positivo. A caída da poboación urbana foi aínda máis acusada: o número de cidades de máis de 10.000 habitantes pasou de 37 a 22 no conxunto español.

As causas da crise demográfica son múltiples: os problemas agrarios da centuria coa reiteración das mallas colleitas trouxeron escaseza, carestía e fame; a periódica difusión de mortíferas epidemias (1596-1602, 1647-1654, 1676-1682); a expulsión duns 300.000 mouriscos (1609) tivo efectos moi negativos, especialmente no reino de Valencia, onde este colectivo representaba o 27% da poboación; a emigración ás Indias; as constantes guerras, que provocaron numerosas baixas; a expansión do clero, causada polo

Avance da peste bubónica de 1647



FONTE: ANDRÉS GALLEGO, J. (coord.), *La crisis de la hegemonía española: siglo XVII*, en VV.AA., *Historia general de España y América*, t. VIII, Madrid, Rialp, 1986, p. 247.

Embarco de moriscos no porto do Grao de Valencia, cadro de Pedro Oromig (1616)



arauco.org [Dominio público], Wikimedia Commons

atractivo do ingreso nunha orde rendista e privilexiada, que puido ter efectos negativos na natalidade...

O deterioro da economía.

Á crise demográfica engadiuse un grave retroceso económico. A primeira metade do século XVII foi un período de grave recesión, moito máis fonda ca noutros países europeos. A recuperación posterior foi menos firme e intensa.

A expansión do século XVI acadou o seu cumio nos anos 1570-1580. Comezou daquela unha crise agraria que se prolongou polo menos ata 1630-1640. As malas colleitas repetíronse con demasiada frecuencia. Os factores deste retroceso son diversos: unha climatoloxía desfavorable, a difusión de pragas, a aparición dos rendementos decrecentes tras o crecemento extensivo do século XVI, a excesiva presión fiscal. A recuperación posterior a 1630-1640 foi débil e insegura no interior. Mentres, o crecemento foi forte e constante no litoral mediterráneo, franxa cantábrica e Galicia, onde foi decisiva a difusión do millo.

As actividades artesanais sufriron os efectos da recesión xeral. A artesanía téxtil castelá arruinouse pola caída da demanda peninsular (crises demográfica e agraria) e colonial, o aumento dos custos (salarios, impostos), a competencia estranxeira e o inmovilismo gremial. A siderurxia e a construción naval sufriron pola redución das encargas da Coroa e os problemas doutros sectores (pesca, salgadura). Só no último terzo do século, tivo lugar unha recuperación da actividade manufactureira, especialmente en Cataluña ligada ao téxtil, o capital mercantil barcelonés e a produción rural doméstica.


A decadencia do comercio fíxose tamén evidente. Os intercambios internos, lastrados xa polas pésimas infraestruturas de transporte e o mantemento das alfándegas interiores, sufriu directamente os efectos da crecente presión fiscal e das manipulacións monetarias. O comercio exterior, especialmente coas Indias, veuse prexudicado pola conxuntura bélica, a crecente autosuficiencia das colonias americanas e a competencia de holandeses, franceses e ingleses.

Galeón español do século XVII



autor descoñecido [CC-BY-SA-4.0], via [Wikimedia Commons](#).

Evolución do volume de moeda de vellón en circulación, 1597-1627 (valor en ducados de prata)



FONTE: SANTIAGO FERNÁNDEZ, J., "Moneda y fiscalidad en Castilla en el siglo XVII", Madrid, 2005.

Os problemas da Facenda real

Os prexuízos derivados da **custosa e prolongada política imperial** da monarquía hispana foron un factor fundamental da crise do século XVII. Os gastos aumentaron por mor das constantes guerras, as partidas de prata americana diminuíron e a base fiscal da monarquía minguou. O Tesouro houbo de recorrer a diversos **arbitrios**: endebedamento, alleamento de terras, xurisdicións e oficios reais, **manipulacións monetarias** (aumento das emisións, alteracións do contido metálico, recuñaxe). Estas afectaron singularmente á moeda de *vellón*, a utilizada nos intercambios habituais e, polo tanto, a máis empregada polos sectores populares. As consecuencias foron moi graves: inflación, diminución dos salarios reais, perda de confianza na moeda, descapitalización dos sectores produtivos. Pero nada puido evitar as bancarrotas (1607, 1627, 1647). Só nas últimas décadas do século, as medidas deflacionarias adoptadas polos gobernos de Carlos II (1665-1700) permitiron estabilizar o mercado interno e acompañar á recuperación económica.

Ademais, o reparto desta carga foi tremendamente inxusto. Castela soportou a maior parte e os intentos de aumentar as achegas dos restantes reinos foron infrutuosos. Nobreza e clero, grazas aos seus privilexios fiscais, non se viron afectados, mentres unha gran masa da poboación (campesiños, artesáns, serventes...) sufría graves penalidades.

Os problemas políticos: as reformas de Olivares e a crise de 1640.

Tras a morte de Filipe II (1598), os monarcas da casa de Austria seguiron empeñados no mantemento da hexemonía en Europa. O desgaste provocado pola permanente situación bélica e o risco de bancarota forzaron a Filipe III o ao seu valido, o duque de Lerma, a asinar paces con Francia (1598) e Inglaterra (1604) e a concertar a Tregua dos Doce Anos coas Provincias Unidas (1609). Este paréntese pacifista remataría co estoupido da Guerra dos Trinta Anos (1618) e a subida ao trono de Filipe IV (1621). Con só 16 anos, o novo monarca estivo, dende un primeiro momento, baixo a tutela do seu preceptor Gaspar de Guzmán y Pimentel, o conde-duque de Olivares.

As reformas de Olivares

Como valido de Felipe IV, Olivares pretendeu impoñer un programa que vinculaba a recuperación do prestixio exterior da monarquía á aplicación dunha serie de reformas internas. O mantemento da iniciativa militar en Europa, esixía acrecentar os recursos da Facenda real. Para isto cumpría, en primeiro lugar, ampliar a base fiscal da monarquía favorecendo o desenvolvemento do comercio e as manufacturas hispanas. Sen embargo, as medidas de carácter mercantilista adoptadas non tiveron nin a continuidade nin a consistencia necesarias. Había que

Retrato dun Filipe IV novo (1628), por D. Velázquez.



[Dominio público], [Wikimedia Commons](#)

conseguir, ademais, un reparto dos custos económicos e humanos da política real entre os diversos estados da monarquía. Debía igualarse, polo tanto, a presión fiscal soportada por Castela á do resto dos territorios da monarquía, o que requiría avanzar na integración política da monarquía. Estas intencións plasmáronse na Unión de Armas, proposta presentada en 1625, que pretendía a creación dun exército de reserva de 140.000 homes sustentado por tódolos reinos da monarquía consonte a súa poboación e riqueza.

A aplicación deste programa, uniformador e centralista, había encontrar a forte oposición dos restantes reinos da monarquía e as súas institucións, celosas defensoras das súas prerrogativas forais. Ademais, a entrada de Francia na guerra europea contra os Habsburgo (1635) condenou á monarquía española a librar simultaneamente en varias fronte unha longa e dura guerra de desgaste. A partir de 1640, os problemas multiplicáronse inducendo unha crise xeral da monarquía, que estivo a piques de colapsar.

A revolta catalá (1640-1652)

En Cataluña, os sucesivos intentos da Coroa (1626, 1632) para lograr a aprobación das Cortes á *Unión de Armas* fracasaron. A decisión de Olivares de abrir unha segunda fronte na guerra con Francia en Cataluña agravou as tensións políticas entre a Coroa e as institucións catalás. O paso polo principado das tropas reais, formadas por mercenarios de diversas procedencias, casteláns incluídos, máis as esixencias de aloxamento e manutención para elas provocaron numerosas queixas e protestas.

En xuño de 1640 tivo lugar en Barcelona unha sanguenta revolta popular, o chamado **Corpus de Sangue**. Nela, o mesmo vicerrei, o conde de Santa Coloma, foi asasinado. Tumultos semellantes aconteceron por toda Cataluña. Olivares optou pola represión sen contemplacións e tratou de aproveitar a conxuntura para someter o Principado. Ante a gravidade da situación, a **Generalitat**, liderada polo deputado Pau Claris, convocou as Cortes e asumiu o goberno de Cataluña. Ameazados polo avance das tropas reais, os sublevados buscaron o apoio francés. Para conseguilo tiveron que recoñecer como soberano a Luís XIII de Francia (1641). As forzas franco-catalás defenderon con éxito Barcelona.

Durante máis unha década, o territorio catalán converteuse en campo de batalla. A prolongación do conflito, os prexuízos da ocupación francesa e a fin da Guerra dos Trinta Anos (Paz de Westfalia, 1648) contribuíron á fin do conflito. En 1652, un exército encabezado por Xoán Xosé de Austria, fillo bastardo do

Retrato ecuestre do conde-duque de Olivares (1636), por D. Velázquez.




[Dominio público], dende Wikimedia Commons.

Representación do Corpus de Sang, cadro de J. Struch (1907)



FONTE: Kairós. Recursos de Historia

O céengo Pau Claris, presidente da Generalitat (1638-1641), segundo un gravado de 1854.



[Dominio público], dende Wikimedia Commons

rei, rendeu Barcelona en 1652. Filipe IV foi recoñecido como rei e xurou obediencia ás leis catalás. O Rosellón e a Cerdaña, ocupados polas tropas francesas durante o conflito, non retornaría a Cataluña. O dominio francés sobre estes territorios sería recoñecido na Paz dos Pirineos (1659)

A revolta portuguesa.

En 1640 tivo lugar outra rebelión en Portugal contra a Unión de Armas. Á defensa das leis e institucións do reino fronte ás esixencias da Coroa sumouse o rexeitamento da política de castelanización e a impotencia da monarquía hispana á hora de protexer o imperio portugués fronte os ataques holandeses. Nobreza e alta burguesía apoiaron a rebelión dirixida polo duque de Braganza, proclamado rei de Portugal como João IV. Os intentos de recuperar Portugal fracasaron e a independencia portuguesa consolidouse. Non foi recoñecida oficialmente pola coroa española ata 1668.

Ás secesións catalá e portuguesa sumáronse outros episodios de diversa gravidade diversa en Andalucía (1641), Nápoles e Sicilia (1647), Aragón e Navarra (1648).

O proxecto reformista de Olivares saldárase cun rotundo fracaso. Foi destituído en 1643. Deixaba a monarquía sumida nunha fonda crise e con múltiples fronteas abertas.

A decadencia política da monarquía hispana durante a segunda metade do século XVII contrastaría co ascenso da Francia de Luis XIV, convertida en potencia hexemónica do continente, e o de Inglaterra e as Provincias Unidas, grandes potencias marítimas e comerciais.

Retrato de João IV de Portugal,
duque de Braganza (1656), por P.P.
Rubens.



[Dominio público], via Wikimedia Commons.